


BIBLIOTECA E CLUBS DE LECTURA

Sansaliber: unha historia que agardamos interminable...





“Porque los libros son así, mi pequeño
Francesco: no necesitan al mundo, es el mundo
el que los necesita a ellos. “

Roberto Cotroneo

Os inicios

- En marzo de 2008 con 9 profesoras/es e e 31 alumnas/os.
- Ao principio non estabamos moi metidos niso da internet... Así que, sempre nos quedaba a sección do taboleiro “Lemos e gustounos”.
- Despois atrevémonos co primeiro blogue.

Os inicios



Pasiño a pasiño

- Fomos organizándonos en grupos.
- Cada un deles é coordinado por un profesor ou unha profesora.
- Reunímomos quincenalmente nos recreos co profesorado coordinador e cada trimestre xuntámonos todos nunha merendola.

Os Alumnos

- Este ano apuntáronse máis que nunca, 75 de 137 do total da ESO, e incluimos aos alumnos con necesidades especiais. Os grupos son de 5 o 6 alumnos cun profesor. Normalmente danse de baixa un dez por cento ao longo do curso
- Son nenos do rural, moi bos, activos e, salvo excepcións, fáciles de levar, moitas mais nenas que nenos, en Sansa len máis as mulleres
- Este ano apuntáronse máis que nunca, 75 de 137 do total da ESO, e incluimos aos alumnos con necesidades especiais. Os grupos son de 5 o 6 alumnos cun profesor elixen eles os grupos

Os Alumnos

Enquisa (nada científica) entre os alumnos:

- Por que me gusta ler
- Porque mo dixo...Xan/a
- Porque o ano pasado o pasaron (o pasei) moi ben
- Pola merendola
- Porque non é obrigatorio
- Porque mo dixo a miña nai
- Porque se apuntou...Perillán/a



E como eleximos o que lemos?


Expositores na Biblioteca

- Buzón de suxestións
- Política de compra; “cedimos” ante os Best Sellers
- Decidimos entre todos, eles tamén propón, os profesores “axudamos”



E que lemos?

- De todo un pouco: cómic, novela realista, escritoras inglesas do XIX (coma nos gusta Jane Austen!), novelas e contos de terror, ciencia-ficción...
- Cando os profesores non ven ao alumnado moi motivado case sempre atopan unha variña máxica chamada banda deseñada e álbum ilustrado.
-






E que lemos?

- Grandes Clásicos
- Novela Romántica
- Literatura e cine
- Novela Juvenil
- Literatura de temática científica
- Primeiras Lecturas (adaptadas)
- Comics
- Novela negra e de misterio
- Algún grupo foise especializando, outros mesturan temáticas...somos flexibles

Algunhas das nosas variñas máxicas

- Algúns libros deses dos da variña máxica: ***A historia de Erika*** de Ruth Vander Zee e Roberto Innocenti, ***Son un caballo*** de Gonzalo Moure, ***De profundis*** de Miguelanxo Prado, ***El herbario de las hadas*** de Sebastian Perez no 1º ciclo, **Jane Austen, Agatha Christie, Los Juegos del Hambre** no segundo



Madurar coma lectores?!

- Si... Por exemplo, se empezamos lendo contos de Literatura infantil e xuvenil despois continuamos con M.R. James, Poe, Lovecraft...
- Procuramos mesturar literatura clásica coa de nova edición e mesmo as veces lemos os libros e logo vemos as películas (cada quen na súa casa) e comentamos as diferencias

E ademais de ler...

- Pois, procuramos razoar, tentar realizar lecturas valorativas...
- Prohibido dicir só: gustoume ou non me gustou.
- Tamén temos organizado concursos de microrrelatos, participado en obradoiros da biblioteca municipal.

Celebramos que nos gusta ler



Merendolas



Diplomas



Coma difundimos as nosas actividades?

- Por suposto no taboleiro... Non o esquecemos, nin o da biblioteca nin o das aulas.
- E ademais temos dous blogues: un da biblioteca <http://bibliosansa.blogspot.com.es/> e outro do club <http://sansaliberbis.blogspot.com.es/> con .Facebook <https://www.facebook.com/sansa.liber>
- A biblioteca elabora periódicamente, en colaboración co EDLG, uns taboleiros en Pinterest dirixido ao alumnado do 2º ciclo fundamentalmente.
- O curso pasado tivemos alumnas que fixeron carteis de recomendación de libros en galego (lemos bastante máis en castelán que en galego :()
- Este ano planeamos entrar en Instagram...

Consignas, humor lector...

Colgado de la Lectura




**SI AMAS
A ALGUIEN
DÉJALO
LEER.**

(O regálale libros)
Un libro, mi lugar preferido.

www.colgadodelalalectura.com

imagen:Avril R.G. (Pinterest)





**LEER
ENGORDA**

la inteligencia

O positivo

- Disfrutamos lendo
- A implicación do profesorado.
- A atención á diversidade. E cómpre lembrar que o noso lema é: **non importa deixar de ler un libro, só atopar o que nos guste...** Porque a todos nos agarda un e cómpre buscalo.
- O fomento da lectura e da socialización lectora, poñendo en común as nosas opinións e os nosos gustos.

O positivo

- Si, aínda hai máis aspectos positivos:
- Usar as TIC para achegarnos á lectura.
- Decatarse de que a biblioteca é un centro de difusión cultural, un centro de entretenemento
- Mellorar a comprensión lectora e a expresión escrita.
- Axudar a adquirir competencias case sen decatarse.
- Socializar a nenos pouco sociables
- Mellorar as relacións profesores-alumnos

O que nos gustaría mellorar

- A permanencia dalgúns dos alumnos e alumnas no club.
- A capacidade de razoar e argumentar.
- Atraer a aqueles que non lles gusta ler
- Manter o hábitos lectores dos alumnos despois de nos
- Fomentar a lectura como unha actividade máis do día, que sexa parte da súa rutina

As estratexias para a mellora

Aproveitar todas as ocasións para que o libro atope o alumno ou o alumno ao libro.

Ensinar co exemplo. Os alumnos ven que os seus profesores, os adultos, len e disfrutan lendo

E aquí seguimos...

Con esta interminable (agardamos) historia, porque coma Katherine Mansfield cremos que

“o pracer de ler é dobre cando se vive con outra persoa coa que compartir os libros”.